



CONTRA A POBREZA

POLÍTICAS PÚBLICAS E SALARIOS DIGNOS

NESTE ano o primeiro de maio ten lugar no medio da crítica situación económica e social pola carestía da vida na que xa viviamos, agravada polas consecuencias da guerra na Ucraína, a CIG propón un paquete de medida urxentes para atallar o impacto que os altos prezos dos bens e servizos básicos están a ter sobre as clases populares. Estas propostas, na liña das que xa trasladamos aos Gobernos español e galego para avanzar nunha saída galega xusta da crise, requiren dunha decidida intervención pública e inciden en varios ámbitos para poder garantir unhas condicións de vida dignas.

Resulta indecente que o Goberno acorde aumentar até un 2% do PIB en Defensa sen dar solución á carestía da vida e ás graves carencias e necesidades sociais, servizos públicos e defensa do emprego digno.

A resposta á pobreza non pode ser máis políticas neoliberais como as que contén o chamado Plan de Resposta Económica á Guerra anunciado polo Goberno español que busca, entre outros obxectivos, a contención salarial, consolidando así os baixos soldos e a pobreza laboral. Esta ofensiva complétase co chamado Pacto de Rendas e as negociacións do acordo estatal de negociación colectiva onde, de novo, o diálogo social, UGT e CCOO volven estar ao servizo do capital, e baixo a premisa de impor a moderación salarial, imposibilitan calquera recuperación do poder adquisitivo dos salarios.

Neste contexto, resulta lamentábel que o Goberno galego estea máis preocupado pola sucesión do PP no Estado que na busca de medidas para afrontar esta gravísima situación, practicando unha política de inacción e de abandono das súas competencias.

Cómpre pois reaccionar e seguir na loita para esixir medidas urxentes como as propostas pola CIG –podes consultar o documento completo en <https://i.gal/propostascarestia>– para frear os efectos devastadores dos altos prezos e poder ter unha vida digna. Entre as medidas destacan:

ELECTRICIDADE

- 1.- Creación dunha **Tarifa eléctrica especial** que, durante 24 meses, **fixe o prezo de referencia entre os 10 €/MWh e os 60 €/MWh** para quen teña potencia contratada igual ou inferior a 15 kW.
- 2.- **Implantar a Tarifa Eléctrica Galega** mediante a eliminación do pagamento da peaxe de transporte e aplicando unha redución do 10% da tarifa mensual a quen teña o seu domicilio en Galiza, tendo en conta o carácter produtor e exportador de enerxía que ten o noso país.
- 3.- **Limpar a factura dos cargos** sen relación directa co funcionamento do sistema (fomento das enerxías renovábeis, custos extrapeninsulares e déficit de tarifa, etc.) e que sexan asumidos polos Orzamentos Xerais do Estado.
- 4.- **Retirar do mercado maiorista (pool)** para fixar o prezo da electricidade as centrais hidráulicas, as nucleares e gas para conseguir unha baixada xeneralizada no prezo da electricidade.
- 5.- **Controlar e fixar límite ao beneficio obtido polas empresas eléctricas.**
- 6.- Crear unha **Empresa Pública Galega de Electricidade.**
- 7.- **Fiscalizar as concesións hidroeléctricas. Reverter as instalacións hidroeléctricas ao sector público**, destinado os beneficios da produción a abaratar o custo da electricidade.
- 8.- Aplicar na tarifa o **tipo mínimo do IVE (4%)** e eliminar do **imposto á xeración (7%)** que as empresas produtoras repercuten nos recibos.
- 9.- Esixir **compromisos industriais, de emprego e de participación pública** para as empresas que opten á concesión de instalacións de produción de enerxía renovábeis.
- 10.- Crear e pór en funcionamento en Galiza (As Pontes) o **Centro para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía.**

1o
de maio
Día Internacional da Clase Traballadora



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

SALARIOS

- 1.- Os incrementos salariais deberanse situar nos 1.226 euros/ano lineais (87 euros/mes 14 pagas) e incremento salarial do 4,50%.
- 2.- Incluír en todos os convenios a **cláusula de revisión salarial con carácter retroactivo** conforme ao IPC interanual acumulado.
- 3.- Aprobar as medidas necesarias para que as **auditorías retributivas e os plans de igualdade** conteñan medidas reais e eficaces para rematar coa fenda salarial e outras desigualdades.
- 4.- Fixar o **salario mínimo interprofesional en 1.167 euros ao mes**, que é o 60% do salario medio do Estado español, tal como recomenda a Carta Social Europea.

EMPREGO

- 1.- **Prohibición de simultanear** a aplicación dun **ERTE con outras medidas de recorte**: descolgues, modificación das condicións de traballo, mobilidade xeográfica, desregulación da xornada, etc.
- 2.- As empresas para poderense acoller ao ERTE estarán ao día na actualización das revisións salariais, **completar até o 100% os salarios, e manter a todo o persoal temporal da empresa principal ou externas.**

COMBUSTÍBEIS

Fixación polo Goberno dun **prezo máximo de gasolina e diésel** mentres non se establecen os prezos e non se avance nunha solución fiscal xusta, tomando como base o prezo medio nas gasolineras ao 24 de febreiro de 2022

MOBILIDADE

Reforzar os servizos de mobilidade aumentando frecuencias e ampliando horarios para facilitar os desprazamentos, así como reducir as esixencias para o acceso a maiores descontos.

ALUGUEIRO

Conxelación das cláusulas de actualización das rendas de alugueiro en todos os conceptos durante o ano 2022.

Mobilízate coa CIG!



Vigo: Ás 12,00h. a Dobrada

Cangas: Ás 18,00h. na Praza do Concello

A Coruña: Ás 12,00h. Praza de Vigo

Cee: Ás 12,00h. Praza do Concello

Pontevedra: Ás 11,30h. Ferreiría

Vilagarcía: Ás 12,00h. Casa do Mar

A Estrada: Ás 12,00h. Praza do Mercado

Ferrol: Ás 12,00h. Local da CIG (Avda. de Esteiro)

As Pontes: Ás 12,00h. Praza do Hospital

Compostela: Ás 12,00h. Praza Roxa

Ribeira: Ás 12,00h. Praza do Peixe

Lugo: Ás 12,00h. Edificio Sindical (Ronda da Muralla)

Foz: Ás 12,00h. Delegación de Facenda

Ourense: Ás 11,30h. Praza Maior

O Barco: Ás 12,00h. Praza do Concello

Verín: Ás 12,00h. Praza do Concello